

ALCAMPO COIA ACOLLE UNHA NOVA CAMPAÑA DE DOAZÓN DE SANGUE

Unha unidade móbil da Axencia de Doazón de Órganos e Sangue (ADOS) estará estacionada no Alcampo de Coia da Avenida de Castelao, das 09:30 ás 14:30 e das 15:30 ás 21:00 horas de hoxe, luns 3 de agosto.

As instalacións de Alcampo Coia levan acollendo o desenvolvemento de campañas de doazón de sangue desde o ano 1995 e acumulan unha cifra de 2.797 doazóns de sangue. A Axencia agradece á dirección de Alcampo Coia a súa colaboración durante máis de tres décadas na organización das campañas de doazón de sangue, contribuíndo a favorecer unha conciencia social favorable a este xesto solidario.